



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 16 DE XANEIRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día dezaseis de xaneiro de dous mil quince, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Miguel Ángel Español Otero

Non asiste o Concelleiro Sr. Crespo González.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Lese o escrito RE 300 de data 16 de xaneiro de 2015, presentado por IRIS GOMEZ ALFONSO, en representación de CEIP PLURILINGÜE AS SOLANAS – NICOLAS GUTIÉRREZ CAMPO, solicitando o uso das salas do Centro Cultural para a exposición de Jesús González Álvarez preferentemente entre os días 12 e 19 de maio de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases do Desfile-Concurso de Entroido 2015 que se vai celebrar o 17 de febreiro.

Lese o escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de xaneiro de 2015 polo cal se da conta do decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra o 9 de xaneiro de 2015 nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 46/14 entablado por D. Luis Fernando Gomes Peixoto contra a resolución do Concello da Guarda adoptado o 18/12/2014 pola que se estimaba parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

demandante na suma de 35.872,68 euros máis intereses. Dito decreto aproba a tasación de costas á que foi condenado no recurso o sr. Gomes Peixoto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do decreto ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra o 9 de xaneiro de 2015, nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 46/2014 polo que se aproban as costas procesais do mesmo na suma de 1.000 euros a pagar por D. Luis Fernando Gomes Peixoto a favor do Concello e acorda dar traslado ós departamentos económicos do Concello para que inicien o procedemento recaudatorio de dita suma.

Lese o escrito RE 275 de data 14 de xaneiro de 2015 presentado polo BNG da Guarda solicitando permiso para usar o auditorio do Centro Cultural para a realización dun acto o día 6 de febreiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 274 de data 14 de xaneiro de 2015 presentado polo BNG da Guarda solicitando permiso para usar a sala de exposicións auditorio do Centro Cultural para a realización dun acto o día 23 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, se ben a sala de exposicións deben habilitala os solicitantes para o acto.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de DECEMBRO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 2 de xaneiro de 2014 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. T.R.M. a partir do 02/01/2014 por 35 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 2 de xaneiro de 2014 relativo á modificación de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. H.M.P. a partir do 02/01/2014 que pasará a 14 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

Lese o escrito RE 1.521 de data 24 de marzo de 2014, presentado por D^a. M.A.P. en representación de D. I.F.P., con enderezo na Praza de San Benito, n^o 2-2^o Esq., solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Praza de San Benito, n^o 2-2^o Esq.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3^o trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2^o trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.814 de data 8 de abril de 2014, presentado por D^a. M^a. V.P.G., con enderezo na rúa Malteses, n^o 12, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Malteses, n^o 12

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda desestimar dita solicitude por non ser a vivenda habitual da solicitante.

Lese o escrito RE 4.723 de data 14 de agosto de 2014, presentado por D. I.L.M., con enderezo na rúa Bechos, n^o 37, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Bechos, n^o 37

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4^o trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3^o trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.147 de data 5 de marzo de 2014, presentado por D^a. O.G.D., en representación de D. M.A.V., con enderezo na rúa Brasilino Alvarez, n^o 4-5^o Dta, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Brasilino Alvarez, n^o 4-5^o Dta.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3^o trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2^o trimestre de 2015 incluído,



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

debedo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 1.955 de data 14 de abril de 2014, presentado por D. J.J.G.V., con enderezo na rúa Rosal - Molino de Abajo, Bloque 4-1ªA, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Rosal - Molino de Abajo, nº 4-1ªA

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos só para ese trimestre, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 820 de data 18 de febreiro de 2014, presentado por Dª. T.L.E., en representación de D. M.M.N., con enderezo na rúa 1ª Transv. Roda, nº 6, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa 1ª Transv. Roda, nº 6

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 1º trimestre de 2015 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 190 de data 9 de xaneiro de 2015, presentado por DNA. Mª DEL CARMEN GONZÁLEZ ALVAREZ, actuando en representación de ASOCIACIÓN DO TRAXE GALEGO, con enderezo a efectos de notificación na Rúa Fernandez Albor, nº 12-2º da Guarda, solicitando permiso para utilizar a cociña do albergue municipal ata o mes de marzo de 2015 para levar a cabo un curso de conservación de alimentos.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, se ben non poderán facer uso das instalacións en Semana Santa.

Lese o escrito RE 34 de data 5 de xaneiro de 2015, presentado por D. JOSÉ ANTONIO GOMEZ RODRÍGUEZ, en representación de CONRAZONES, con enderezo na rúa Julia Vaquero, nº 2 da Guarda, solicitando autorización para dispoñer do espazo da Alamenda para levar a cabo un mercadillo solidario o vindeiro día 8 de febreiro de 2015, que en caso de choiva se suspendería.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 260 de data 13 de xaneiro de 2015, presentado por D. FRANCISCO BUERGO GOMEZ, en calidade de Presidente de ASOCIACIÓN UNIÓN DE MINUSVÁLIDOS DE ASTURIAS, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Piles, nº 15 de Xixón, solicitando autorización para a venda a pé de axendas con horóscopo pola rúa durante o 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a venda ambulante no Concello da Guarda está regulada na ordenanza correspondente, debendo seguir o procedemento establecido nela para o seu exercizo.

Vista a Orde de 23 de decembro de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercizo do ano 2015, a Xunta de Goberno Local acorda acollerse a esta orde e solicitar unha axuda para a contratación de 1 patrón de embarcación e 7 socorristas por un periodo de 3 meses na modalidade de contratación anticipada.

Vista a Orde do 12 de decembro de 2014 da Consellería de Medio Rural e do Mar pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas aos concellos de Galicia e as súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o apoio á extinción de incendios forestais, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercizo desas funcións, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

- Solicitar a cesión en propiedade dun vehículo motobomba con cisterna de 3000 litros e cabina sinxela.
- Aceptar integramente os termos e prescricións contidos nesta Orde.

Vista a Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas á entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de Risga e se aproba a convocatoria para o ano 2015, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- Aprobar o proxecto de servizo denominado: Auxiliar dependencias municipais
- Solicitar esta subvención para dito servizo coas seguintes características:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

1.- Servizo de Auxiliar dependencias municipais (2 persoas na categoría de auxiliar). Contrato de 75% da xornada por un prazo de 7 meses

- Dispoñer de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro desta Orde.

Vista a Orde do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas á entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras de Risga, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- Aprobar o proxecto de servizo denominado: Limpeza e Mantemento de Camiños.
- Solicitar esta subvención para dito servizo coas seguintes características:

1.- Servizo de mantemento e limpeza de camiños (3 persoas na categoría de peón). Contrato de 75% da xornada por un prazo de 7 meses.

- Dispoñer de financiamento para as partidas orzamentarias que non sexan financiadas ó abeiro desta Orde.

Vistas as Bases Reguladoras do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 da Deputación Provincial de Pontevedra, a Xunta de Goberno Local acorda acollerse á dita subvención para a contratación de trinta peóns para o Concello da Guarda.

Vistas as Bases do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015 publicadas no BOP nº 1 de 2 de xaneiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Realizar o investimento denominado "INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO CASA DOS ALONSOS"

2.- Aprobar o proxecto denominado "INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO CASA DOS ALONSOS"

3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 163.546,60 euros con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2015.

4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 euros ; a Xunta de Goberno Local é órgano competente para comprometer esta achega.

5.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 3.974 de data 7 de xullo de 2014, presentado por DNA. JASMIN MARTINEZ PAREDES, en representación de D. EMILIO MARTINEZ PACHECO, con enderezo na rúa Cal, nº 29-3ºD da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga do 1º trimestre de 2014 do obxecto tributario Cal, nº 29-3ºD por un erro na lectura do contador.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo nº 675714 de consumo de auga do 1º trimestre de 2014 do obxecto tributario Cal, nº 29-3ºD e que se emita un novo pola media ponderada.

Sendo as trece horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.